



## **Circular 1/2023: Seguro de Responsabilidade Civil**

Desexamos comunicarvos que o seguro de Responsabilidade Civil da Federación Galega de Montañismo (FGM) renovouse automaticamente o día 1-01-2023 xa que a Comisión Xestora da FGM non comunicou a súa cancelación no prazo establecido na lexislación vixente, polo que non tivemos a posibilidade de negociar esta póliza, nin ofertas doutras compañías.

Comunicarvos que na póliza número 0962270001850 da compañía aseguradora MAPFRE ESPAÑA Compañía de Seguros y Reaseguros SA, tramitado con ALKORA EBS, Correduría de Seguros y Reaseguros S.A.U, están incluídos todos os clubs rexistrados na FGM a data de 29-12-2022 sen contar coa súa autorización, vulnerando os seguintes aspectos que se recollen nesta póliza:

*Nas cláusulas de tratamento de datos persoais consta entre outros aspectos:*

*En caso de que los datos facilitados se refieran a terceras personas físicas distintas del Tomador/Asegurado/Afectado, éste garantiza haber recabado y contar con el consentimiento previo de los mismos para la comunicación de sus datos y haberles informado, con carácter previo a su inclusión en el presente documento, de las finalidades del tratamiento, comunicaciones y demás términos previstos en el mismo y en la Información Adicional de Protección de Datos.*

No apartado de *DEFINICIONES ASEGURADO* das condicións particulares adicionais desta póliza, recóllese:

*Tendrán la consideración de club asegurado por la presente póliza los clubes que hayan solicitado al tomador su inclusión en la misma, desde el momento de su solicitud.*

Atendendo ao exposto, e dado que estes datos xa estaban concedidos á compañía aseguradora, cando Josefina Maestu Almeida tomou posesión como presidenta da FGM, PROCEDEREMOS DA SEGUINTE FORMA para intentar subsanar estes feitos:

**Primeiro.-** Todos os clubs que desexen ter a extensión do seguro de RC da FGM, póliza número 0962270001850 que se achega a esta circular, deben solicitalo por escrito antes do 31-01-2023, segundo o Modelo 1 de solicitude que se achega.



**FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO**  
**G36630259**

Rúa Fotógrafo Luís Ksado nº 17, 36209 en Vigo (Pontevedra)



Unha vez rematado este prazo, os clubs rexistrados na FGM que non soliciten ter a extensión de seguro de RC, non estarán incluídos neste seguro.

**Segundo.-** Aqueles clubs novos rexistrados a partir do 29-12-2022, poden solicitar a extensión deste seguro da póliza indicada, a través do Modelo 1 antedito, que se achega con esta circular. **Terán un mes de prazo dende que se produza este rexistro na FGM para poder solicitar a extensión deste seguro.**

**Terceiro.-** As solicitudes de extensión do seguro deben enviarse a [secretaria@fedgalmon.gal](mailto:secretaria@fedgalmon.gal)

**Cuarto.-** Esta extensión de seguro non terá custe para os clubs no ano 2023. A aseguradora emitirá un certificado da extensión deste seguro ao Club solicitante, e na páxina web da FGM estará publicada a póliza e o recibo deste seguro.

Vigo, 10 de xaneiro de 2023

Anxo Manuel Fernández Saborido  
O secretario xeral da FGM

V.º e pr.  
Josefina Maestu Almeida  
A presidenta da FGM